

## **Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais**

### **Introdución.**

O mercado único europeo constitúe un espazo comunitario no que desapareceron as fronteiras entre os estados membros, e polo tanto as inspeccións fitosanitarias fronteirizas que se facían a aqueles vexetais e produtos vexetais cuxa circulación podía supoñer un risco fitosanitario, foron substituídas por medidas equivalentes que continúan limitando a posible introdución e/ou propagación de organismos nocivos de importancia por todo o territorio da U.E.

Estas medidas diríxense fundamentalmente a realizar as anteriores inspeccións nos centros de produción deste tipo de vexetais e/ou produtos vexetais con independencia de que poidan efectuarse controis aleatorios durante toda a cadea de comercio vexetal e/ou do produto vexetal.

### **Conceptos xerais.**

Entre as obrigacións que a lexislación establece para os Estados membros, destaca a necesidade de crear un rexistro oficial de aqueles produtores, comerciantes e importadores de vexetais e produtos vexetais, susceptibles de hospedar algúns dos organismos cuxa propagación ou introdución debe evitarse no territorio da U.E. ou en determinadas zonas limitadas deste, conocidas como Zonas Protexidas. En consecuencia, o Rexistro debe contar con información sobre os vexetais e/ou produtos vexetais que produce ou comercializa cada empresa rexistrada e.

Esto é debido a que nun espazo sen fronteiras onde as mercaderías poden circular libremente dende un punto a outro da Unión Europea, as medidas necesarias para evitar a introdución e/ou propagación de organismos nocivos deben centrarse principalmente, por un lado nas fronteiras da Unión Europea con Países Terceiros, e por outro nos lugares de produción xa que son éstos, os puntos onde existe un maior risco de infestación do vexetal pola presenza dun organismo nocivo.

### **Procedemento.**

**Deberán de inscribirse aquelas todas empresas ou entidades físicas ou xurídicas que afecte a orde do 17 de maio de 1993 e as súas modificacións posteriores.** Os produtores, comerciantes e importadores de vexetais unha vez inscritos no rexistro presentarán o modelo de pasaporte fitosanitario para a súa aprobación, así como unha declaración anual de cultivos e solicitude de emisión de pasaportes que unha vez aceptadas pola administración permitirá aos solicitantes a súa produción e utilización.

### **Normativa.**

– ESTATAL :

*. Orde APA/1439/2005 do 17 de maio pola que se modifica a Orde de 17 de maio de 1993*

*. Real Decreto 58/2005 de 21 de xaneiro*

– COMUNITARIA:

*. Directiva 2000/29/CE do CONSELLO de 8 de maio*

**Documentación para a inscrición:**

- Solicitude normalizada:
- NIF da persoa física ou xurídica que solicita a inscrición
- NIF da persoa que representa ó solicitante da inscrición
- Documentación acreditativa da representación legal
- Fotocopia da escritura de constitución da sociedade
- Certificado de inscrición da sociedade no rexistro que corresponda
- Fotocopia dos estatutos da sociedade
- Memoria explicativa
- Croquis das instalacións fixas e cultivos con especificación dos diferentes sectores.

**Obrigacións da persoa física ou xurídica inscrita.**

A) Deberase comunicar ao Organismo oficial responsable calquera presenza de organismos nocivos dos vexetais, produtos vexetais e outros obxectos suxeitos a corentena que se establezan.

B) **Conservarase un plano actualizado** das instalacións nas que os vexetais, produtos vexetais e outros obxectos sexan cultivados, producidos, almacenados, gardados ou utilizados polo produtor, almacén colectivo, centro de expedición ou calquera outra persoa importador.

C) Para poder ofrecer información completa aos Organismos oficiais, **conservaranse os rexistros dos vexetais**, produtos vexetais ou outros obxectos que adquirisen para almacenar ou plantar nas instalacións, que estén producindo e/o que fosen enviados a terceiros, sendo condición suficiente que a empresa detalle no rexistro de contabilidade todas as entradas e salidas de material vexetal, **e ademáis conserve alo menos durante un ano, os albaráns correspondentes.**

D) O persoal responsable ou a persoa técnica competente (da empresa) no ámbito da produción vexetal e os problemas fitosanitarios relacionados coa mesma, estará sempre dispoñible para manter contactos permanente cos Organismos oficiais.

E) Dispoñer dun responsable fitosanitario. Efectuaranse exames visuais durante a tempada de cultivo, no momento axeitado, de acordo a sucesos puntuais e aletorios, con consecuencias fitosanitarias.

F) **Permitirase o acceso as persoas habilitadas para actuar en nome dos Organismos oficiais responsables**, especialmente para que podan levar a cabo as súas labores de inspección e toma de mostras, permitiéndolles tamén o acceso aos rexistros mencionados na letra c) e documentos correspondentes.

G) Cumpliranse igualmente outras obrigacións suplementarias, encamiñadas a facilitar a avaliación do estado fitosanitario das instalacións e que teñan consideración as condicións de importación, especialmente o tipo de cultivo, a ubicación, as dimensións da explotación, a xestión, o persoal e o equipo.

H) A requirimento dos Organismos oficiais responsables, o produtor, almacén colectivo, centro de expedición o calquera outra persoa ou importador rexistrado quedará suxeito a obrigacións específicas de avaliar ou mellorar o estado fitosanitario das instalacións e

conservar a e identidade do material ata que se lle xunte o Pasaporte Fitosanitario. Entre estas obrigacións específicas incluíranse exámenes especiais, toma de mostras, illamento, eliminación de plantas enfermas, tratamento, destrución, **etiquetado** e calquera outra medida que se indique na sección II da parte A do anexo IV, ou na parte B do anexo IV, segundo os casos, do Real Decreto 58/2005 do 21 de xaneiro.

I) **Non poderá producir ou comercializar planta para a que non esté autorizado**, para facelo terá que solicitar a modificación dos grupos de planta.

J) **Presentar a declaración anual de cultivos e/ou de comercialización antes do 31 de xaneiro do ano que corresponda á declaración.**

### **Controis oficiais.**

Os exames oficiais se realizarán nos establecementos e preferentemente no lugar de produción e cumprirán unha dobre función documental e fitosanitaria. Efectuaranse con regularidade e como mínimo unha vez ao ano, ao menos mediante observación visual. Non se autorizará (ou retirarse a autorización segundo o caso) cando á vista dos exames oficiais realizados, non se considere que cumpre as condicións fitosanitarias requeridas.

### **Controis fitosanitarios.**

- a) Controis ocasionais en calquera momento e lugar no que circulen vexetais, produtos vexetais e outros obxectos.
- b) Controis ocasionais nas dependenzas donde se cultiven, produzan, almacenen ou poñan a venda vexetais, produtos vexetais e outros obxectos así como nas dependenzas dos compradores.
- c) Controis ocasionais que coincidan con calquera outro control documental que se leve a cabo por motivos non fitosanitarios.
- d) As persoas con dedicación profesional na produción de vexetais, como usuarios finais dos vexetais, produtos vexetais e outros obxectos, conservarán alomenos os pasaportes fitosanitarios un ano como mínimo. As persoas que os comercialicen e non sexan usuarios finais, únicamente anotarán nos seus rexistros estes pasaportes e, no caso de efectuar unha substitución destes, conservarán durante alomenos un ano o pasaporte substituído.
- e) No caso de plantas susceptibles ao lume bacteriano os pasaportes fitosanitarios conservaranse alomenos 3 anos, tanto sexan provedores de material vexetal como persoas físicas ou xurídicas que realicen plantacións con xéneros de plantas susceptibles a esta enfermidade.